

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para participar na convocatoria para a contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de un axente desenvolvemento local con cargo ao Plan Fomento de Emprego do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, de conformidade coas atribucións establecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, en relación co artigo 61.1 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos que a seguir se relacionan:

ADMITIDOS

Nome e apelidos	D.N.I
DAVID ZAS FERNANDEZ	3427****G
ALBERTO HERRÁN CALVO	3333****X
DELIA CABARCOS BERMUDEZ	3488****F
BEATRIZ MORADO VAZQUEZ	3355****P
MARIA JESUS RODRIGUEZ SECO	3269****B

EXCLUIDOS


MANUEL CANDAL BARREIRO	3355****J	Non acredita apartado 4.g) bases
------------------------	-----------	----------------------------------

SEGUNDO.- Publicar a relación de admitidos e excluídos na sede electrónica do Concello (<https://muras.sedelectronica.gal>) e outorgar un prazo de tres días para que as persoas excluídas aporten a documentación requirida. De non presentar a documentación en prazo, quedará automaticamente excluída.

TERCEIRO.- Facer público a composición do Tribunal cualificador que xulgará o proceso selectivo e estará composto polas seguintes persoas:

Presidente: D^a. Silvia Lamelas Soto, Secretaria-Interventora Administración Local.
Secretarioa: D. José Orosa González, persoal funcionario do Concello de Muras
Vogal: D^a. Maria González Cabarcos, funcionaria do Concello de Xermade
Vogal: D. Francisco Javier Rivera Méndez, Funcionario do Concello de Ortigueira.
Vogal: D^a Alejandra Pardo Vázquez, Secretaria do Concello de Cariño.

TERCEIRO.- Facer pública a presente resolución na sede electrónica do Concello de Muras e na súa páxina web. Os aspirantes poderán solicitar a recusación dos membros



do tribunal, coas causas e procedementos previstos nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro de do Réximen Xurídico do Sector Público.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para o próximo día 2 de setembro de 2021 as 10.00 horas, co obxecto de constitución de dito Tribunal e avaliación de méritos da fase de concurso, e sinalar como data para a realización das probas da fase da selección o mesmo **día 2 de setembro de 2021 as 10:30 horas** no Local denominado “Casa do Médico” do Concello de Muras, o cal quedan citados tódolos aspirantes admitidos.

QUINTO.- Todos os aspirantes deberán levar mascarilla obrigatoria correctamente posta. No interior da aula, unha vez sentados todos os aspirantes e garantida unha separación corporal de al menos 1,5 metros; os aspirantes NON poderán retirar a súa mascarilla. Na sala na que se realicen exames se disporá un dispensador de xel hidro – alcohólico para o seu uso ao acceder a aula. Durante a celebración do exame os aspirantes seguirán as instrucións dos membros do tribunal. Durante a celebración do exame non se permitirá o intercambio de material entre os aspirantes: bolígrafos, lápices, gomas.... Cada aspirante utilizará o material co que acudirá a realizar as probas. Igualmente os membros do tribunal non facilitarán ningún material aos aspirantes.

SEXTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 de 16 de marzo)

